



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**IES DE CATABOIS**

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241  
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL  
e-mail: [ies.catabois@edu.xunta.es](mailto:ies.catabois@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



# **PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

**CURSO 2023-2024**



## 1. INTRODUCCIÓN

*ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. DOG Núm. 156 Venres, 09 de agosto de 1996*

Artigo 61º.

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Artigo 62º.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Artigo 63º.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

## 2. ORGANIZACIÓN

O Departamento estará formado pola **viceirectora Laura M. Muíño Rivas** encargada de coordina-la realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar do instituto.

### COLABORADORES:

- Equipo Directivo.
- Titores dos grupos.
- Xefes dos Departamentos.
- Equipo de Normalización Lingüística.
- Restantes Profesores/as.
- Alumnos/as.
- Comunidade Educativa en xeral.



Concello.

Outros Organismos.

No seo do Departamento poderán constituírse outros máis pequenos, para cada actividade concreta, dirixidos por un Coordinador da Actividade, baixo a dependencia directa do/a Xefe/a de Departamento e en estreita colaboración coa Vicedirección.

### 3. FUNCIONES

O DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, establece :

Artigo 66º.

A xefa o xefe de departamento terá entre outras as seguintes **funcións**:

- a) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- b) Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- c) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- d) Proporcionar ó alumnado a información relativa ás actividades do departamento.
- e) Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.
- f) Coordina-la organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos e alumnas.
- g) Distribuílos recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de aportacións de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.
- h) Organiza-la utilización da biblioteca do instituto.
- i) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- j) Presentarlle propostas ó equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.



#### 4. OBXECTIVOS

- Obxectivo xeral e máis importante de todas as actividades complementarias e extraescolares do noso instituto son formar integralmente ás persoas, facendo neste departamento un especial fincapé na formación en actitudes e valores de todos os membros da comunidade educativa.
- No curso que empezamos pretendemos afianzar obxectivos acadados en cursos anteriores e tentar para o curso presente:
- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades propostas.
- Elaborar actividades para as diferentes celebracións escolares.
- Organizar saídas e visitas escolares.
- Diversificar as actividades de xeito equitativo nas distintas áreas, ciclos e materias.
- Colaborar na programación e dinamización de actividades cos diferentes equipos para desenvolver as celebracións escolares.
- Facer chegar ao centro aquelas actividades propostas por outras institucións o entidades que teñan carácter educativo e cultural.
- Contar con todos os recursos dispoñibles: Concello, Xunta, ANPA...
- Diseñar un sistema de actividades complementarias e extraescolares realista e rigoroso no seu cumprimento, fixo e que siga unha traxectoria coherente no tempo e nas actividades elixidas.
- Fomentar a participación activa do alumno e conseguir que se sinta motivado cara as actividades culturais, deportivas e de ocio.
- Facer co centro sexa para o alumnado e profesorado un marco no que, ademais de ter lugar actividades académicas, poidan desenvolver os seus intereses culturais.
- Sensibilizar as nais e pais da importancia das actividades complementarias e extraescolares e a súa optimización en tempos de crise.
- Insistir na importancia da Biblioteca Escolar como eixo dinamizador da vida do centro.
- Desenvolver unha liña de Educación Ambiental unida á Cooperación para o Desenvolvemento.



- Profundar neste curso no Voluntariado, facendo fincapé na educación para a igualdade de xénero, a cooperación internacional, o consumo, educación vial e mediación escolar.
- Propor como finalidade das diferentes actividades que o alumnado ademais de participar aprenda.

## **5. NORMAS PARA REALIZAR ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Toda actividade extraescolar ou complementaria estará anunciada no calendario que está situado na cortiza de actividades extraescolares da sala de profesores. Ademais estará acompañada dos seguintes documentos:

- Información da actividade e relación de alumnado que asiste e profesorado acompañante. Ver documento 1 do anexo, este documento estará colgado na cortiza da sala de profesores.
- Autorización da saída se é fóra do concello, xa que dentro do concello xa se entrega coa matrícula.
- Memoria da actividade ao remate da mesma para remitir á Vicedirección. Ver documento 2 do anexo.

Unha vez rematada á actividade incluírase a información no blog do centro <http://cataboisproxecta.blogspot.com/> e publicarase unha imaxe descritiva na conta de instagram <https://www.instagram.com/iesdecatabois/>

## **6. AUTORIZACIÓNS**

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender os alumnos que non participen nelas.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para os alumnos, non discriminación e ausencia de lucro. Non obstante o anterior, os institutos poderán recibir aportacións de distintas institucións ou asociacións para a realización delas. Estas actividades



non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen dentro da localidade, a autorización escrita dos pais ou tutores legais dos alumnos/as participantes, segundo modelo aportado polo centro na matrícula, será unha soa para todas aquelas que figuren na Programación Xeral Anual.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade, deberase contar cos seguintes requisitos, (Artigo 67º, DECRETO 324/1996, do 26 de xullo.):

- Aprobación do Consello Escolar.
- Autorización escrita dos pais/nais ou titor/a legal.
- Os/as alumnos/as serán acompañados/as polos profesionais correspondentes na proporción dun docente por cada vinte alumnos/as.

Todas as actividades a realizar fóra do centro, foron propostas polos departamentos didácticos e polo tanto considéranse a todos os efectos actividades académicas, acordes coas programacións dos departamentos. As saídas serán comunicadas a Inspección Educativa cun mínimo de 24 horas de antelación, a través de correo electrónico onde se indiquen os detalles das mesmas.

Para a súa realización, terase en conta que participe nas mesmas unha porcentaxe considerable do alumnado, valorando, en todo caso, a importancia de levalas a cabo para o grupo(s) ou ciclo(s) e a viabilidade económica.

## **7. TRÁMITES**

Os trámites que se seguirán son os seguintes:

- Solicitar un medio de transporte, se foxe necesario, con quince días de antelación.
- Solicitar cunha semana de antelación as autorizacións pertinentes ao alumnado.
- O alumnado, unha vez reciba o impreso de autorización para realizar unha saída, disporá dun prazo de entrega de autorización asinada e aportación que figurará en dito impreso xunto á descrición da actividade. Se por motivo de forza maior non puidera ser entregada a autorización a tempo, o pai/nai/titor/titora do alumno ou alumna en cuestión deberá poñerse en



contacto co centro para confirmar a asistencia. Noutro caso, o alumnado non participará na saída.

- Unha vez entregada unha autorización de saída asinada, o alumnado que, por motivo de forza maior, non poida realizar tal saída deberá aportar xustificación documental da non realización da mesma. Noutro caso, dito alumnado non poderá realizar a seguinte saída para a que sexa convocado.
- Entregar en Xefatura de Estudos unha relación dos docentes e do alumnado participantes coas correspondentes autorizacións coa suficiente antelación.
- Ningún alumno poderá participar nunha actividade se non entrega a autorización por escrito e firmada polo seu pai/nai/titor/titora
- Recadar a cantidade de diñeiro estimada para sufragar os gastos da actividade, nos casos nos que o alumnado deba aboar algunha cantidade.
- Para os trámites mencionados poderedes solicitar a colaboración deste Departamento, que deberá estar puntualmente informado de ditas actividades.
- As actividades programadas para algún grupo concreto e cunha Programación Didáctica dentro do seu currículo no poderán ser ofertadas a ningún outro grupo para evitar que os alumnos *se apunten para completar o autobús*.
- En canto ao número e á distribución de estas actividades procurarase que as mesmas se distribuían uniformemente durante o curso escolar, evitando a súa realización en períodos de exames así como en datas posteriores ao día 30 de maio, salvo as viaxes de final de curso debidamente autorizadas.
- Un mesmo grupo de alumnos non realizará máis de 2 saídas nunha semana, nin 6 nun mesmo mes. No caso de que coincidan varias actividades para un mesmo grupo o se exceda o número de actividades para esa semana o mes, se optará por aquela que se considere máis adecuada e fundamentada en criterios pedagóxicos.
- Procurarase que as actividades que realice o centro teñan o menor custo posible para que poidan ser realizadas polo conxunto do alumnado.
- A porcentaxe de participación de alumnos aos que vai dirixida a actividade deberá ser aproximadamente un 75%, de forma que una saída non produza grandes desaxustes na vida educativa do centro. O resto asistirá ao centro os días da realización das actividades e serán atendidos de acordo co procedemento remitido polo Centro á Inspección Educativa. Ante calquera dúbida ou pregunta os poderedes dirixir ao Departamento de Actividades



### Complementarias y Extraescolares ou a Xefatura de Estudos.

- Cando a realización da actividade impida a asistencia a clases impartidas por outro docente, este será informado para que manifieste a súa opinión ao respecto; no caso de que algún profesor manifieste reparos á realización da actividade será o director quen decidirá, ponderando o beneficio que a actividade terá no alumnado e o trastorno que produza na programación das materias afectadas.
- As familias ou titores legais serán informadas con antelación a fin de que poidan decidir sobre a asistencia ou non do seu fillo/a, cumprimenten a debida autorización para a súa participación na actividade e abonen, no seu caso o custo da mesma.
- O/A coordinador/a designado para cada actividade será responsable da súa organización e das visitas que se vaian a realizar, así como a presentación dun breve informe sobre o cumprimento dos obxectivos previstos.
- Ao término de cada actividade, o seu coordinador informará ao Xefe de Departamento, para a avaliación da mesma, das incidencias producidas, problemas xurdidos e solucións aportadas, así como os posibles aspectos a considerar para a planificación de sucesivas actividades.
- Fíxase con carácter xeral unha distribución aproximadas, dependendo da actividade a realizar e do grupo ao que vai dirixida a mesma, dun docente por cada 20 alumnos/as

## **8. ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Este orzamento será sometido á consideración do director que terá en conta a estimación económica que o Equipo Directivo estableza en base ás súas previsións económicas.

Dada a situación do Centro, fóra do casco urbano, é necesario o uso do transporte para a maioría das actividades programadas, polo que o Centro correrá cos gastos de transporte nas actividades realizadas na cidade e bisbarra. Na medida que sexa posible tamén subvencionará parcialmente as realizadas fóra deste ámbito. Esta subvención será do 40% para a ESO e do 30% para a etapa de Bacharelato.





## 9. FESTAS E CONMEMORACIÓN S

*ORDEN de 3 de mayo de 2023 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2023/24 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia.*, establécese:

### Artículo 8. Conmemoraciones

1. Los centros docentes podrán organizar, en el horario lectivo, actividades de interés relacionadas con su proyecto educativo y funcional con el objeto de promover o celebrar conmemoraciones que sensibilicen sobre temas de interés social, cultural y/o medioambiental.

2. Así, los centros docentes podrán celebrar las conmemoraciones que establezcan en su programación general anual, teniendo en cuenta, en su caso, los criterios sobre la incorporación de elementos transversales y sobre el diseño de las actividades complementarias recogidos en la concreción curricular. A estos efectos, las conmemoraciones indicadas tendrán **carácter orientativo**.

Estas aparecen na seguinte táboa e están repartidas por departamentos tendo en conta as materias impartidas así como a participación do profesorado nos distintos proxectos e equipos do centro. Ademais engáñdense outras que veñen traballándose tradicionalmente no centro.

Departamento /Equipo	CONMEMORACIÓN S	Data celebración
EDLG	<b>Magosto e Samaín</b>	<b>31/10/2023</b>
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia	<b>20/11/2023</b>
FRANCÉS	25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero	<b>24/11/2023</b>
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia	<b>5/12/2023</b>
EDUCACIÓN FÍSICA DEPORTIVA	3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.	<b>4/12/2023</b>
FILOSOFÍA	10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	<b>11/12/2023</b>
TODOS OS DEPARTAMENTOS	<b>Festival de Nadal</b>	<b>21/12/2023</b>
MATEMÁTICAS	24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.	<b>24/01/2024</b>



RELIXIÓN	30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz	30/01/2024
LINGUA E LITERATURA GALEGA	23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.	23/02/2024
TODOS OS DEPARTAMENTOS	<b>Festival entroido</b>	09/02/2024
TECNOLOXÍA	8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.	08/03/2024
LINGUA E LITERATURA CASTELÁ	Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais	08/03/2024
ECONOMÍA	15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	15/03/2024
DEBUXO	1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.	02/04/2024
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.	08/04/2024
EQUIPO DA BIBLIOTECA	Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro	26/04/2024
ORIENTACIÓN	2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar	02/05/2024
INGLÉS	9 de maio de 2024: Día de Europa.	09/05/2024
EQUIPO DA BIBLIOTECA	Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.	16/05/2024
TODOS OS DEPARTAMENTOS	<b>Graduación 2º Bacharelato</b>	24/05/2024
FÍSICA E QUÍMICA	5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.	05/06/2024
TODOS OS DEPARTAMENTOS	<b>Saída/ Excursión fin de curso</b>	14/06/2024
ORIENTACIÓN	28 xuño de 2024. Día internacional do orgullo LGTBI	16/06/2024
TODOS OS DEPARTAMENTOS	<b>Festival fin de curso e graduación 4º ESO</b>	21/06/2024

Trátase dunha proposta levada a CCP e Consello Escolar no curso 2021/22 para evitar que estas conmemoracións recaian sempre nos mesmos departamentos. Sería simplemente facer unha actividade sinxela, que podería ou non implicar a distintos departamentos, pero que un concreto sería o responsable de coordinar a actividade. Pode ser un concurso, actividade no recreo, unha actividade de aula dentro dunha materia, pero na que participe todo o alumnado, pero sempre de carácter orientativo.

Sinalar que temos aprobado en CCP que as actividades que impliquen perda de sesións lectivas ha de intentarse que non superen o 10% trimestral de ningunha



materia do grupo. Procurarase, polo tanto, que se programen para titorías e tempos de lecer e, cando non sexa posible, polo carácter da actividade, intentarase cumprir esa premisa.

## **10. PARTICIPACIÓN EN DIFERENTES CERTAMES, CONCURSOS, PREMIOS, PROXECTOS E ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR ENTIDADES EXTERNAS**

Ao longo do curso, o profesorado e os departamentos didácticos poderán modificar ou propoñer novas actividades. As actividades realizadas dentro do horario escolar e gratuítas son de carácter complementario, polo tanto de asistencia obrigatoria para o alumnado dos cursos aos que vai destinada.

No momento de realizar esta programación están previstas as que se detallan a continuación:

### **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

- Prevención adiciones impartido por Asfedro 4º ESO
- Ti elixes 3º e 4º ESO
- Prevención xogo patolóxico impartido por Asfedro 4º ESO
- Charla ABAU e USC impartida por la CIUG 2º BACH
- Prevención violencia de xénero impartida por Cruz Roja 1º ESO
- Pilulas pola igualdade. Imparte técnico Benestar concello Ferrol 3º e 4º ESO
- Obradoiro de sexualidade e menstruación 1º ESO
- Prevenc. acoso/ciber Imparte: POLI NAC. Plan director 1º ESO
- V XORNADAS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL 2º BACH
- Orientación profesional guardia civil, pol nacion Imparte: Polic. Nacional 4º ESO
- Prevenc. delitos odio e discrimin. Imparte: Poli Nacional 1º BACH e PFB
- Prevenc. delitos sexuais Imparte: Polic Nacional 3º ESO

### **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

- Viaxe a Santiago. Programa Didáctico "*Coñece as túas institucións*" 3º e 4º ESO
- Viaxe a Coruña visitando os "Caprichos de Goya" e visita guiada a cargo do grupo de investigación Arte-Facto, da Universidade da Coruña, á exposición sobre o fotógrafo Helmut Newton 2º BACH



## **DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

- Mostra de teatro infantil e xuvenil do concello de Narón."A parábola do angazo" 3º e 4º da ESO, 1º BACH
- Mostra de teatro infantil e xuvenil do concello de Narón."Hugo" 1º e 2º ESO

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA e LITERATURA GALEGA**

- Mostra de teatro infantil e xuvenil do concello de Narón."A parábola do angazo" 3º e 4º da ESO, 1º BACH
- Mostra de teatro infantil e xuvenil do concello de Narón."Hugo" 1º e 2º ESO

## **DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

- Sementeira 39- Minipaisaxistas 2º e 3º da ESO alumnado de Proxecto Competencial.
- Visita o EDAR de Ferrol 1º e 2º ESO
- Charla sobre As Fragas do Eume, 2º e 3º da ESO alumnado de Proxecto Competencial.
- Visita As Fragas do Eume, 2º e 3º da ESO alumnado de Proxecto Competencial.

## **DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

- Dixitalweek 1º ESO
- Espectáculo D´tec 1º BACH
- Charla sobre "As Meninas de Canido" impartida por Eduardo Hermida 3º e 4º ESO mais o alumnado de robótica

## **DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

- Teatro en francés para o alumnado da ESO e de Bacharelato

## **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL**

- Charla sobre "As Meninas de Canido" impartida por Eduardo Hermida 3º e 4º ESO mais o alumnado de robótica

**CONTRATOS-PROGRAMA.** participación nas actividades arredor dos contratos-programa nos que foi admitido o Centro.



**CONMEMORACIÓN DO SAMAIN**

**FESTIVAL DE NADAL**

**VIAXE ESCOLAR FIN DE CURSO ANDORRA**

**ENTROIDO**

**FIRST LEGO LEAGUE**

**ACTUACIÓNS DERIVADAS DO PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO  
PROFESORADO (PFPP)**

Outras actividades que xurdan durante o curso.

Ferrol, a 13 de outubro de 2023

Asdo.: Laura M. Muño Rivas



**ANEXO A: DOCUMENTO 1. INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE**

<b>DEPARTAMENTO</b>		
<b>Tipo de Actividade:</b>	Complementaria	Extraescolar
<b>Nivel ao que vai dirixida:</b>		
1º ESO	2º ESO	3º ESO
4º ESO	1º BAC	2º BAC
		PFB
<b>Denominación da actividade:</b>		
<b>Data celebración:</b>	Saída:	Chegada:
<b>Profesorado participante:</b>		
<b>Grupos de alumnos que asisten:</b>		
<b>Asiste todo o grupo?</b>	<b>Relación de alumn@s que asisten á actividade</b>	<b>Relación de alumnos que non asisten á actividade</b>
Sí		
Non		



**DOCUMENTO 2. MEMORIA DA ACTIVIDADE**

**DEPARTAMENTO:**

**Tipo de Actividade:** Complementaria                      Extraescolar

**Nivel ao que vai dirixida:**

1º ESO    2º ESO    3º ESO    4º ESO    1º BAC    2º BAC    PFB

**Denominación da actividade:**

**Data celebración:**                      Saída:                      Chegada:

**Profesorado participante:**

**Grupos de alumnos que asisten:**

<b>Obxectivos</b>	•
	•
	•
	•

**Realizouse a actividade?:**

<b>Aspectos que saíron ben:</b>	<b>Aspectos a mellorar:</b>